

VI RAID ODISEO TERRA DE FRADES



CONCELLO DE FRADES

SÁBADO 26 DE ABRIL DE 2014

- ♣ Lugar: Ponte Carreira, Frades, A Coruña.
- ♣ 09:00 h. Entrega de documentación.
- ♣ 09:30 h. Briefing.
- ♣ 10:00 h. Saída do Raid (Praza do Centro de Saúde).
- ♣ 18:00 h. Chegada primeiros equipos.
- ♣ 20:00 h. Peche de meta.
- ♣ 20:15 h. Entrega de trofeos e pinchos.

SECCIÓNS

1ª Sección: ORIENTACIÓN URBANA – 6 KM – Desnivel positivo acumulado: 100m.

Orientación a pé cun formato especial.

2ª Sección : BTT – 32 KM – Desnivel positivo acumulado: 1300m.

Material obligatorio adicional por participante: Casco.

Material obligatorio adicional por equipo: Kit reparación BTT.

3ª Sección: TREKKING – 12 KM – Desnivel positivo acumulado: 480m.

Material recomendable: Polainas.

4ª Sección : ROGAINE BTT – 4 HORAS LÍMITE – MÁXIMO 70 KM – Desnivel positivo acumulado: 1200m.

Material obligatorio adicional por participante: Casco.

Material obligatorio adicional por equipo: Kit reparación BTT.

Probas especiais.

Recorrido total aproximado: 120 KM MÁXIMO

MATERIAL OBRIGATORIO DO RAID (SEMPRE EN CARREIRA)

Por equipo:

- ♣ Botiquín (1.5 mts de venda, antiséptico, esparadrapo).
- ♣ Teléfono móvil co PIN indicado na parte posterior.

Por participante:

- ♣ Asubío e coñecer o código morse de SOS.
- ♣ Manta térmica.
- ♣ Bidón ou “CamelBak” cunha capacidade mínima de 1 litro.

PARTICIPACIÓN

Para participar será obrigatorio ter 16 anos cumpridos ou máis, os menores de 18 anos con autorización familiar, e estar en posesión da licenza de Raid FEDO, Territorial ou de proba.

Non é necesaria asistencia.

FORMATO DE EQUIPO

- **ÉLITE**, con formato 3+0, tres compoñentes sempre en competición.
- **AVENTURA**, con formato 2+1, dous compoñentes en competición e un corredor alternando.

INSCRICIÓN

A data límite de inscrición, improrrogable, será ata as **22:00 HORAS DO MARTES 22 DE ABRIL**. Os equipos terán que enviar o formulario de inscrición oficial e o xustificante de pago da cota ao enderezo info@clubseo.es sendo o asunto do correo o nome do Club participante. Cando envíedes o correo solicítade a confirmación de lectura para garantir que non se perde ningunha inscrición.

COTAS DE INSCRICIÓN

A cota de inscrición por equipo será de **54€** si se realiza antes das **22:00 horas do 15 de abril** e de **65€** si se realiza entre as **22:00 horas do 15 e o 22 de abril**, os membros do equipo que non teñan licenza de Raid terán pagar 7€ adicionais para obter a correspondente licenza de proba.

O pago da cota de inscrición do equipo e das licenzas de proba faranse co concepto de ingreso de "Raid Odiseo – NOME EQUIPO" na seguinte conta:

NOVA GALICIA BANCO - 2080 5170 04 3040006959

REGULAMENTOS

- A Copa Galega de Raid de Orientación estará suxeita ás normas da FEGADO (<http://fegado.es>) e da FEDO (<http://www.fedo.org>), para os Raids.
- A modalidade de competición será **SCORING**. Os equipos clasificaranse atendendo en primeiro lugar ao número de PC's e en segundo lugar ao tempo invertido, este será o total empregado para realizar o raid menos o tempo das bonificacións máis o das penalizacións.
- Aínda que non é probable que se precise, poderíase ter que neutralizar tempo en algunha das seccións.
- Realizaranse controis de material durante a proba.
- **Penalizacións:**
 1. Algunhas seccións terán balizas obrigatorias que serán indicadas no briefing, non collelas implica a perda da totalidade dos puntos da sección.
- **Bonificacións:**
 1. Según as contempladas para equipos mixtos no Regulamento para Raids da tempada 2014 (<http://fegado.es/federation/downloads/>)

CAMPAÑA SOLIDARIA

O día do Raid, como acto solidario, realizarase unha recollida de tapóns e tamén envases de plástico que conteñan os numeros 2, 4 ou 5 no trianguliño de reciclaxe (os tapóns valen todos), para axudar na recaudación de fondos cos que poder costear o tratamento de Samuel, un neno relacionado co clube e ca nosa vila de Ordes. Dispoñedes de máis información na páxina do evento na web da [FEGADO](http://fegado.es).

PATROCINADORES



CONCELLO DE FRADES

